


PROTOCOLOS DE PROSPECCIÓN E SENSIBILIZACIÓN EMPRESARIAL

Experiencias de intervención no tecido empresarial
Márketing de inserción laboral



Publicación elaborada polo Proxecto Compás AD Equal Área Metropolitana de Vigo

Coordinadora da publicación:

Ana García Barrio

Equipo Redacción:

María José Alonso Lameiro

María Blach Leyenda

Nerea Couso Iglesias

Ana García Barrio

Revisión e corrección:

Silvia Rodríguez Fontán

Directora:

Ana Isabel Pascual Martínez

Equipo de Administración:

Juan Ramón Lorenzo Español

José Ramón Pérez González

Blanca Roura Javier

Persoal do Proxecto:

Persoal coordinación:

M^a Jesús Lago Vilaboa

Carmen López Fernández

José Angel Méndez Pardo

Persoal técnico:

Mireia Acosta Terrón

M^a Montserrat Doval Avendaño

Inmaculada Martínez Couto

María Angeles Rodiño Medrano

María Dora Romero Insua

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
(A.D. Equal Area Metropolitana de Vigo)

Deseño gráfico e maquetación:

Publitia S.L.

Depósito legal:

VG-I253/04



O Proxecto Compás enmárcase dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, dedicada a promover novos métodos de loita contra toda clase de discriminación e desigualdade no acceso a un mercado de traballo aberto a todos e todas, a través do deseño e do desenvolvemento de ferramentas e recursos concretos que melloren a ocupabilidade das persoas desempregadas da área metropolitana de Vigo.

O obxectivo xeral do Proxecto é deseñar e desenvolver novos recursos para a mellora da empregabilidade das persoas habitantes da Área de Vigo, a través de mecanismos de coordinación cos axentes do territorio máis representativos en materia de emprego.

Durante a execución das accións previstas no programa de traballo nacional, deseñáronse novos métodos e experiencias tendo como eixes transversais das actuacións a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a utilización das novas tecnoloxías.

Esas experiencias teñen unha finalidade última que é a súa transferencia ás políticas públicas a nivel local e autonómicos e a difusión entre todos os axentes de emprego dos territorios de influencia do Proxecto.

Por ese motivo éditanse as publicacións que con satisfacción presento. Son froito do traballo destes máis de tres anos de labor (Novembro 2001 - Decembro 2004) do Proxecto no noso territorio da Mancomunidade e póñense á disposición de todas aquelas persoas, institucións e colectivos interesados na mellora das oportunidades de emprego da nosa cidadanía.

Corina Porro Martínez

Presidenta da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

INDICE

0. INTRODUCCIÓN.	7
1. MÁRKETING DE INSERCIÓN.	9
1.1. Concepto, obxectivo e descrición.	9
1.2. Finalidade	11
2. FERRAMENTAS DE MÁRKETING.	12
2.1. Carpeta de presentación.	13
2.2. Carta informativa.	13
2.3. Libro de currículos.	15
2.4. Díptico.	16
3. CAMPAÑA XERAL DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN.	17
4. VISITAS PERSONALIZADAS A EMPRESAS.	23
4.1 Identificación e selección de empresas.	23
4.2 Procedemento empregado nas visitas a empresas.	24
4.3. Relación de empresas visitadas e colaboradoras..	25
5. PAQUETE DE PRODUTOS OFERTADOS AO TECIDO EMPRESARIAL.	31
5.1. Preselección de persoas.	31
5.2. Convenios tutelados.	32
5.3. Información e asesoramento a empresas.	35
5.4. Formación con compromiso de contratación.	36
5.5. Publicidade e recoñecemento a empresas.	40
5.6. Igualdade de oportunidades na empresa.	41
6. PLATAFORMA DE INSERCIÓN.	43
7. RECURSOS DE INTERESE.	44
7.1. Entidades de AD Equal Área Metropolitana.	44
7.2. Directorios empresariais.	45
7.3. Asociacións empresariais.	46
7.4. Outros enderezos de interese.	47

8.ANEXOS.	47
Anexo I.- Díptico para empresas	49
Anexo II.- Ficha de empresa	51
Anexo III.- Ficha rexistro oferta/ convenio tutelado	53
Anexo IV.- Sistema de baremación	54
Anexo V.- Instrucións reguladoras convenios tutelados	56
Anexo VI.- Modelo Convenio Tutelado	57
Anxo VII.- Modelo Convenio Cursos con Compromiso de Contratación ..	64

0. INTRODUCCIÓN

Compás é un proxecto de emprego financiado polo FSE a través da Iniciativa Equal, que centra a súa actividade no deseño e no desenvolvemento de ferramentas para a mellora da ocupabilidade dos habitantes da Mancomunidad de Vigo, dentro dun proceso integral de emprego focalizado nos sectores emerxentes.

Este proxecto pretende mellorar a ocupabilidade das persoas a través dunha orientación individualizada, en forma de entrevistas nas que se traballan aqueles aspectos que hai que mellorar para unha busca de emprego eficaz; ofrecendo itinerarios personalizados nos que o equipo técnico acompaña á persoa ata acadar o seu obxectivo, sexa a inserción por conta propia ou por conta allea.

Este proceso realízase incidindo especialmente na aplicación de principios de Igualdade de Oportunidades e Novas Tecnoloxías no mundo laboral.

A Mancomunidad de Vigo (MAIV), está composta de 12 concellos que, aínda vivindo unha realidade económica e social heteroxénea, posúen un eixe vertebrador común: Vigo e a súa aglomeración urbana, centro neurálxico da súa vida económica e social.

Na MAIV obsérvanse diferenzas entre o espazo urbano, que presenta maior volume de poboación e un gran dinamismo económico, atopándose a maioría das empresas no litoral; e o espazo rural, onde se está perdendo poboación e que rexistra unha escasa actividade económica.

O contido desta guía vén a ser un compendio das accións desenvolvidas na área do Márketing de Inserción do proxecto Compás desde o su deseño ata a implantación das mesmas, así como a metodoloxía de traballo utilizada e os sistemas de coordinación desta área cos diferentes axentes do territorio.



I. MÁRKETING DE INSERCIÓN

I.1 CONCEPTO, OXECTIVO E DESCRICIÓN

O Márketing de Inserción deseñada no proxecto Compás ten como obxectivo establecer unha rede de contactos e acordos entre entidades públicas e empresas, que permita promover novos métodos de loita contra toda clase de discriminación e desigualdade no acceso ao mercado laboral destas persoas. Para iso, lévase á práctica unha metodoloxía de acción social comercial aplicada á inserción con carácter integrador, posibilitando “cruzar o limiar do emprego” de persoas que están participando no proceso de inserción.

O Márketing de Inserción no Compás desenvólvese nas seguintes fases:



a) Deseño da campaña de comunicación e márketing de inserción laboral.

Para dar unha cobertura global en toda a estratexia de inserción do proxecto, realízase un plan xeral de comunicación e márketing con asesoramento especializado, trazando as liñas estratéxicas que cómpre desenvolver para facilitar a inserción e profesionalizar esta área de traballo.

b) Establecemento de contactos e colaboracións.

Realízase unha campaña de comunicación dirixida ás entidades locais e ao tecido empresarial da MAIV, co obxectivo de establecer colaboracións e compromisos coas accións do Proxecto Compás.

c) Sistematización da Rede de entidades e empresas.

Créase unha rede de contactos coas entidades e as empresas do territorio que xera ao longo do proxecto un feedback entre estas e Compás, permitindo o establecemento de compromisos concretos en materia de emprego.

d) Mantemento da rede de contactos.

Lévanse a cabo contactos concretos para o desenvolvemento e a avaliación dos compromisos concretados, así como para a consecución dos obxectivos de inserción do proxecto.

Para a posta en práctica destas fases de execución, desenvolvéronse as seguintes accións:

a) Detección e análise de sectores empresariais emerxentes ou xeradores de emprego.

b) Visitas concertadas a asociacións empresariais, a grandes empresas implantadas na zona e visitas individuais a empresas, seleccionadas en función dos perfís profesionais das persoas usuarias en cada momento de execución do proxecto. Nestas visitas ofrécese o paquete de produtos deseñados polo departamento de márketing e inserción.

- Preselección de persoas candidatas a un posto de traballo.
- Formación con compromiso de contratación,
- Convenios tutelados non asociados á formación
- Igualdade de oportunidades
- Información ás empresas
- Recoñecemento social


c) Seguimento e avaliación de todas as accións relacionadas co tecido empresarial.

I.2 FINALIDADE

O deseño e a aplicación de estratexias de Márketing de Inserción levadas a cabo no cadro do Proxecto Compás, ten como finalidade acadar a colaboración e a implicación das empresas, en procesos de inserción laboral.

Este contacto con empresas permítenos obter información sobre perfís profesionais, necesidades formativas, canles de selección, necesidade de recursos humanos no sector empresarial dun determinado territorio, e conxugar esta información cos perfís das persoas participantes no proxecto, creando pontes entre as persoas e o mercado de traballo.

Achegamento dos elementos que interveñen nos procesos de inserción



2. FERRAMENTAS DO MÁRKETING DE INSERCIÓN

Como elementos de apoio á campaña de comunicación, o Dpto. de Márketing de Inserción diseña soportes publicitarios a medida dirixidos ao persoal técnico de programas de emprego, ás persoas usuarias e ao tecido empresarial, que permiten dar a coñecer as accións de inserción contempladas no proxecto e, ao mesmo tempo, proxectan unha imaxe seria e profesional do mesmo.

As ferramentas creadas para tal fin son: **carpeta para empresas, carta informativa, libro de currículos e díptico para empresas.**

Os **obxectivos** que se perseguen con estas ferramentas son:

- Sensibilizar o tecido empresarial.
- Achegar o proxecto ao mercado de traballo.
- Presentar produtos que o proxecto Compás lle ofrece ao tecido empresarial a través dunha imaxe profesional.
- Ser referente serio ante futuras demandas de emprego.

Preténdese, por tanto, transmitir:

- Boa imaxe.
- Contido comprensible e ordenado.
- Visión clara e global do proxecto.
- Traballo profesional.
- Presentarse ante a empresa con técnicas do mundo comercial.
- Utilización dun código de comunicación que lles resulte familiar ás empresas.


A continuación desenvólvese cada unha delas:

2.1 CARPETA DE PRESENTACIÓN

A “carpeta de presentación” é un soporte utilizado para incluír aquel material informativo de interese nas visitas a empresas.

O deseño mantén a imaxe corporativa do proxecto, e no seu interior amósanse as entidades promotoras, así como un mapa dos concellos que forman a MAIV.

Carpeta de presentación:



2.2 CARTA INFORMATIVA

A carta informativa deséñase co obxectivo de dispoñer dun modelo estándar de referencia co que poder reforzar o contacto coas empresas. Emprégase nas correspondencias electrónicas de difusión de Compás, e como soporte escrito posterior ao contacto telefónico que permite informar e concertar unha entrevista persoal.

Nesta carta, preséntanse de maneira clara e concisa as diferentes accións nas que se pretende a colaboración das empresas.

Modelo de Carta Informativa:



PROXECTO COMPÁS
A.D. Equal Área Metropolitana de Vigo

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo infórmaos de que desde decembro de 2002 e ata outubro de 2004 se realizan **accións dirixidas ao tecido empresarial dentro do Proxecto Compás** en todos os concellos da Mancomunidad: Vigo, Mos, Redondela, Porriño, Soutomaior, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Nigrán, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

O Proxecto Compás, financiado polo Fondo Social Europeo dentro da iniciativa comunitaria Equal, atende a persoas desempregadas que teñan dificultades para incorporarse ao mercado de traballo e axustará as características individuais de cada persoa aos perfís laborais demandados pola súa empresa.

Qué lle ofrece o Proxecto Compás á súa empresa:

1. **Formación específica segundo as necesidades da súa empresa:** subvencionando o 100% do custo das accións formativas con compromiso de contratación.
2. Oferta de **prácticas tuteladas** (prácticas non laborais das persoas usuarias do proxecto) naquelas empresas con necesidades reais de persoal, polas que a empresa recibirá unha pequena compensación económica.
3. **Información** dos beneficios e apoio no trámite de axudas á contratación por parte das administracións públicas do territorio.
4. **Poñer ao seu alcance persoas cualificadas e titorizadas**, adaptadas ás necesidades da súa empresa, coa dispoñibilidade dunha base de datos de usuarios e usuarias do Proxecto Compás de todos os concellos da Mancomunidad.
5. **Publicidade e difusión** das empresas colaboradoras: páxina web, publicacións, xornadas temáticas, etc.

Coa finalidade de presentar o proxecto con maior profundidade, pódense poñer en contacto con nós, chamando ao teléfono e preguntando por

Ou enviando un e-mail:

Atentamente,
Departamento de Mercadotecnia e Inserción Laboral.....



Fondo Social Europeo

Proxecto Compás. Iniciativa Equal


Rúa San Vicente nº 3 (Esq. Méndez Núñez), Tel: 986 44 21 13/ Fax: 986 44 21 15
Web: www.proxectocompas.org e-mail: info@proxectocompas.org

2.3 LIBRO DE CURRÍCULOS


É un mecanismo de márketing dirixido a empresas que pretende causar un impacto visual positivo.

Os libros de currículos que se utilizan son de dous tipos:

- **Libro de currículos** específicos das persoas candidatas para un determinado proceso de selección.
- **Libro de currículos por sectores:** ferramenta clave nas visitas a empresas detectadas como prioritarias para a inserción laboral das persoas do proxecto Compás. Nesta carpeta, entréganse os currículos das persoas que realizan formación ocupacional relacionada coa actividade empresarial da empresa obxecto da visita, co obxectivo de inserir laboralmente ó alumnado, ou ben de establecer convenios de colaboración.



Libro de currículos específico



Libro de currículos por sectores

2.4 DÍPTICO INFORMATIVO

É o instrumento publicitario máis importante de achegamento ao tecido empresarial. Informa ás empresas das solucións que o proxecto lles pode aportar e do beneficio que poden obter.

Proporciona unicamente a información que interesa á empresa de maneira clara e sintetizada, nunha primeira ollada.

Pódense destacar as seguintes **características**:

- Slogan cunha mensaxe directa “Temos a persoa que a súa empresa necesita”.
- Breve definición do proxecto.
- Demarcación xeográfica (mapa).
- Entidades promotoras.
- Produtos: descrición breve e concisa.

PROXECTO COMPÁS
AD Igual Área Metropolitana de Vigo

Compás é un proxecto que se enmarca dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, dedicada a promover novos métodos de loita contra o desemprego.

A CAPACITACIÓN PROFESIONAL, UN ACTIVO PARA A SÚA EMPRESA

O equipo técnico do proxecto Compás, a través de distintas accións, axustará as características individuais das persoas ós perfís laborais demandados pola súa empresa

PROMOTORES:
Mancomunidad de Área Intermunicipal de Vigo

Baiona • Fornelos de Montes
Gondomar • Mos • Nigrán
Pazos de Borbén • O Pombeiro
Redondeña • Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño • Soutomaior • Vigo.

caixanova
Dpto. Obra Social
Aula, García Barón, nº21
VIGO. Tlf: 906 428 280

CCOO
Unión de Comarcas
FORUM
C/ Sanjoán, nº28 baixo
VIGO. Tlf: 906 211 707

CEP
Aula, García Barón, nº104
VIGO. Tlf: 906 439 611

Confederación Intermunicipal Galega
C/ Gregorio Espino, nº47 - 1º
VIGO. Tlf: 906 262 609

UNION DE TRABALLADORES
C/ Gregorio Espino, nº28
VIGO. Tlf: 906 44 34 28

PRESELECCIÓN
Dispoñibilidade dunha base de datos para unha preselección axustada ás características dos perfís demandados.

MOTIVACIÓN ó emprego
Apoio ás persoas para o fomento da motivación na busca e mantemento do emprego

FORMACIÓN
Accións gratuítas de aprendizaxe profesional adaptadas ás necesidades da súa empresa e ás novas tecnoloxías da información.

PRÁCTICAS TUTELADAS
Prácticas non remuneradas dos/as usuarios/as do proxecto nas empresas da área de Vigo

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES na súa empresa
Promoción da participación das mulleres en todos os ámbitos laborais a través de accións que faciliten a súa incorporación ó traballo en situación de igualdade.

Información a empresas
Apoio na tramitación, información e asesoramento dos incentivos á contratación por conta allea.

Empresa solidaria
Recoñecemento social para as empresas que participen no Proxecto Compás: publicidade na páxina web e en boletíns, xornadas temáticas...

Diagrama de accións:
Preselección → Motivación → Formación → Participación das mulleres → Perfís axeitados → EMPRESA

Interior díptico

3. CAMPAÑA XERAL DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

Compás enténdese como un proceso continuo para dar a coñecer o proxecto e as súas liñas de acción. Ten a finalidade de establecer vías de acordos e colaboracións sensibilizando as empresas para a súa participación nun proxecto de emprego, e motivando para que exerzan a súa responsabilidade social.

A estratexia xeral de comunicación pasa polo desenvolvemento das seguintes accións:

- I. Márketing telefónico: concertación de visitas.....**
- II. Correspondencia electrónica personalizada: sobre, carta e díptico.**
- III. Visitas a empresas do territorio.**
- IV. Visitas a organizacións empresariais.**
- V. Accións publicitarias nos medios de comunicación.**
- VI. Seminarios, xornadas e feiras de emprego.**
- VII. Páxina web do proxecto.**
- VIII. Boletín Electrónico.**

I. Márketing telefónico: concertación de visitas

Existe un importantísimo número de empresas que polo seu volume potencial de contratación presentan un especial interese e nas cales a acción da correspondencia electrónica non é suficiente, xa que é posible que o correo estea filtrado polos distintos departamentos da empresa. Nestes casos é conveniente a utilización do márketing telefónica, pois permítenos concertar unha reunión coa xerencia ou coa persoa responsable de recursos humanos.

II. Correspondencia electrónica personalizada: sobre, carta e díptico

Trátase de enviarlle ao tecido empresarial, de maneira personalizada, o díptico informativo no que se informa do Proxecto Compás e das distintas solucións que lles aporta ás empresas na busca de persoal cualificado. Neste díptico arguméntanse as liñas básicas da inserción e téntase suscitar o interese das empresas por outras vías de colaboración. É importante que tanto a carta como o propio díptico dispoñan de suficientes datos para que as persoas interesadas poidan establecer contacto coas persoas responsables do Dpto. de Márketing.

Co díptico achégase a “carta informativa”, destacando a importancia da colaboración e da integración de **todos e todas** as axentes sociais nesta iniciativa.

A correspondencia electrónica esténdese a empresas seleccionadas da área da Mancomunidade de Vigo. Para eso utilízanse as bases de datos reflectidas no epígrafe 8 desta guía, establecendo como filtro discriminatorio a actividade empresarial e/ou o número de traballadores/as.

III. Visitas a empresas do territorio.

Unha vez concertadas as entrevistas con aquelas empresas de especial interese, vístanse persoalmente para informar detidamente de cada unha das accións do proxecto.

Estas entrevistas teñen unha duración aproximada dunha hora e concértanse indistintamente en horario de mañá ou de tarde, adaptándose sempre á dispoñibilidade das empresas. Nas visitas, as persoas técnicas levan material de apoio e documentación específica contida no dossier de empresas.

IV. Visitas a organizacións empresariais.

As organizacións empresariais son unha vía de gran utilidade, xa que permiten difundir entre os seus asociados e asociadas os produtos do Dpto. de Márketing e informar sobre o proxecto.

V. Accións publicitarias nos medios de comunicación.

A campaña de acción directa a través das visitas personalizadas e do envío de correspondencia electrónica refórzase con campañas na prensa, na radio, na televisión local e nos valos publicitarios, incidindo nos beneficios que obteñen as empresas.

Conxuntamente con estas accións convócanse roldas de prensa cos medios máis representativos do territorio, co obxecto de presentar o proxecto e como medio de captación de empresas.



Valla publicitaria

Outro medio utilizado son as revistas especializadas, interesantes polo seu público obxectivo, que constitúen unha ferramenta cualitativamente útil para chegar ao tecido empresarial.

As sinerxías producidas pola utilización dos diferentes medios de comunicación permiten corrixir os posibles erros de filtrado na acción da correspondencia electrónica e das visitas persoais, podendo deste xeito suscitar o interese de colaboración doutras empresas.

Revista CEP



VI. Seminarios, xornadas e feiras de emprego.

A participación e a organización de xornadas de toma de contacto co tecido empresarial permite sensibilizar en dous aspectos: por un lado, un achegamento efectivo á persoa empresaria, e por outro, garantir a asistencia de empresarios/as ao organizar temáticas de actualidade e de interese.


Temos comprobado a importancia da necesidade de contar con organizacións empresariais para que a repercusión destas actividades aumente exponencialmente.

En concreto, contouse coa Confederación de Empresarios de Pontevedra como entidade asociada do Proxecto Compás.

A fórmula utilizada para a organización destas actividades permitiu tratar un tema atractivo para as empresas e, transversalmente, expoñer e difundir nas mesmas o paquete de produtos ofrecido en Compás.

Desenvolvéronse as seguintes temáticas:

- “Apoios e incentivos á contratación”. 100 participantes.
- “Contratación do persoal na fiscalidade da empresa”. 50 participantes.
- “O reto da ampliación da Unión Europea para a empresa galega”. 50 participantes.
- “As organizacións empresariais e o proxecto Compás”. 50 participantes.
- “A formación para a incorporación laboral”. 90 participantes.
- “A calidade empresarial, novas formas de xestión dos recursos humanos”. 120 participantes.



Mostra dos carteis das xornadas organizadas

- “As novas tecnoloxías ao servizo da incorporación laboral”. 120 participantes.
- “A muller na empresa Familiar”. 60 participantes.
- Galiemprego 2003. Instalación dun posto e relatorio “Pactos locais polo emprego”. 50 participantes.

Ademáis, desde a área de Márketing de Inserción e co obxectivo dunha permanente actualización, participouse nas seguintes xornadas e seminarios:

- “Liñas de axuda a PEMES”.
- “A empresa familiar, subvencións e solucións”.
- “Xornada informativa para persoas emprendedoras”.
- “Xornada de difusión e asesoramento para traballadoras e traballadores autónomos”.
- “Asistencia a Foroemprego, Ourense”.
- IV Foro Muller e Empresa, “Mulleres empresarias ou empresas de Mulleres”.
- “Novas fórmulas de financiamento para a creación e a consolidación de empresas”.
- “Xornadas organizadas programación Galiemprego”.
- “Xornada do comercio de Vigo”
- “Xornada sobre conciliación da vida familiar e profesional.”

VI. Páxina web do proxecto

É un dos medios utilizados para difundir as accións e os obxectivos do proxecto. A información preséntase adaptada para tres perfís diferenciados coa finalidade de atender as demandas realizadas polos diversos públicos da web:

- **Perfil dos demandantes de emprego**, para atender as persoas usuarias.
- **Perfil do persoal técnico**, para manter informados/as os/as profesionais de entidades colaboradoras e o persoal de Compás.
- **Perfil de persoas empresarias**, dirixido a empresas que necesitan cubrir postos de traballo ou que amosen interese por colaborar co proxecto.

The screenshot shows the 'Proxecto Compás' website. The header includes the logo and navigation tabs: INICIO, QUE É, ORIENTACIÓN, FORMACIÓN, EMPREGO, IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, CALENDARIO, ACCIÓN 3, and COMUNIDADE. A search bar is also present. The left sidebar contains links for 'Marketing de inserción', 'Empresas colaboradoras', 'Autoemplego', 'Redes de coñecemento compartido', and 'Formación en Xestión empresarial'. The main content area is titled 'Emprego' and includes sub-tabs for 'Vantaxes e Servizos' and 'Cómo Colaborar'. Below this, a text block explains that the listed companies are collaborators. A table follows, listing companies and their contact options:

AACENTIA(proyectos,web,multimedia)	Web	Email
AJE VIGO(asociación jóvenes empresarios)	x	x
ALFYCO	Web	Email
BURGER KING CORPORATION-VIGO	Web	Email

At the bottom of the page, contact information for Proxecto Compás is provided: San Vicente 3, esquina Méndez Núñez, Tel: 986 442 113, along with links for 'Aviso Legal' and 'info@proxectocompas.org'.

Web do Proxecto Compás

VIII. Boletín Electrónico

E-Compás

E-Compás é unha parte especial do sitio web, e por iso o seu deseño é tamén diferenciado. Trátase dun boletín quincenal do proxecto con aspecto de xornal no que se recollen diferentes noticias e información de interese.

Nas súas seccións téntase reflectir o que é o Proxecto Compás e actuar como vehículo de comunicación entre o Proxecto e as persoas usuarias, os organismos asociados, os medios de comunicación e as persoas interesadas.

The screenshot displays the E-Compás website interface. At the top, there are logos for 'e-COMPÁS', 'ProQUALITAS', 'Cooperación transnacional europea', and 'equal'. A navigation sidebar on the left lists: Inicio, Formación, Transnacionalidade, Novas Compás, and Equal II. Below this is a 'Boletín de novedades' section with a 'SUBSCRIBIRSE' button. The main content area features several articles:

- Formación: Derradeira entrega de diplomas** - A report on the final diploma delivery on July 5th to participants in various training courses.
- Transnacionalidade: A muller é o pilar do desenvolvemento nos países pobres** - An article about women's role in development, accompanied by a photo of a woman at a presentation.
- Novas Compás: Acto de recoñecemento ás entidades sociais** - A report on an act of recognition for social entities, with a photo of a group of people at a press conference.
- Equal II: Presentada a candidatura de Conta con elas** - A report on the presentation of the 'Conta con elas' candidacy for the European Social Fund.

On the right side, there is a section titled 'As liñas ADSL duplicarán a súa velocidade de balde' (ADSL lines will double their speed for free), discussing the benefits of ADSL for businesses.

At the bottom, there is a 'Versión para imprimir' (Print version) link and contact information for Proxecto Compás.

Boletín E-Compás

4. VISITAS PERSONALIZADAS A EMPRESAS

Esta acción considerouse fundamental na estratexia de márketing do Compás, sempre baixo a cobertura dunha campaña xeral de difusión e con produtos concretos que ofrecer.

4.1 IDENTIFICACIÓN E SELECCIÓN DE EMPRESAS

Para a identificación de empresas para visitar empréganse varios métodos:

- Coñecemento dos **perfis profesionais** das persoas usuarias do proxecto de maneira periódica e actualizada en coordinación co Dpto. de Orientación.
- Contacto con **agrupacións empresariais**, grupos de empresa, como pia-res representativos dunha determinada área.
- Análise dos sectores con maior volume de ocupación, **empresas dinámicas** pertencentes a sectores emerxentes.
- **Sondaxe das ofertas** de prensa, páxinas web de emprego, co fin de detectar posibles tendencias de mercado e empresas xeradoras de emprego.

VISITAS A EMPRESAS ÁREA MANCOMUNIDADE DE VIGO

Período: Abril 03 - Setembro 04
212 CONTACTADAS

OUTROS SERVIZOS	24,53%
COMERCIO E SERVIZOS	22,79%
INDUSTRIAS AUTOMÓBIL	11,30%
HOSTELARIA	10,40%
COIDADADO A PERSOAS	6,14%
CONSTRUCCIÓN	6,14%
PESCA	7%
AXUDA A DOMICILIO	3,30%
IND. MANUFACTUREIRA	2,80%
EDUCACIÓN	1,40%
NOVAS TECNOLOXIAS	1,40%
SANIDADE	0,90%
TRANSPORTES	0,90%
LECEER	0,50%
REHABILITACIÓN VIVENDAS	0,50%

4.2 PROCEDEMENTO EMPREGADO NAS VISITAS A EMPRESAS

Unha vez establecido o contacto coa empresa a través dunha técnica do Dpto. de Márketing, realízase a visita persoal. Neste proceso relacional, o persoal técnico apóiase en documentación específica contida no **DOSIER DE PRESENTACIÓN A EMPRESAS** no que se inclúe:

- Carpeta para empresas.
- Tarxeta da persoa técnica de referencia.
- Díptico para empresas e Carta informativa para a presentación do proxecto, entidades participantes e posibles accións ou liñas de colaboración.

En cada unha das visitas realizadas a empresas emprégase unha **FICHA DE EMPRESA** que se pode consultar no Anexo III, que recolle:

- Os datos básicos da empresa e a actividade que desenvolve.
- Necesidades formativas.
- Necesidades de recursos humanos.
- Existencia de medidas de acción positiva a favor da Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres.
- Interese de colaboración en accións do proxecto.

Esta ficha informatízase na intranet do Proxecto Compás permitindo a súa consulta en calquera momento, tanto por parte do persoal técnico do departamento de Márketing de Inserción, como por calquera outro departamento que necesite información sobre as empresas visitadas.

The screenshot shows a web browser window titled 'Proyecto Compás - Microsoft Internet Explorer'. The page is the 'Empresas' section of the 'PROXECTO COMPÁS Intranet'. A sidebar on the left contains a menu with icons and labels: ADMINISTRACIÓN, GRUPOS, PERSONAS USUARIAS, TABLAS AUXILIARES, PRIMER CONTACTO, DERIVACIONES, INCORPORACIONES, PERSONAS EMPRENDEDORAS, ACTIVIDADES, EMPRESAS, ESTADÍSTICAS, AVENDA, AVENDA ADMIN, BOLSAS, and AYUDAS. The main content area is titled 'Empresas' and shows a sub-header 'Empresas -> Xestión de datos de LEMA & BANDIN.' Below this is a form titled 'Datos Empresa' with the following fields and values:

Nome:	LEMA & BANDIN
Dirección:	LEPANTO, 5 BAJO
Localidade:	VIGO
Concello:	Vigo
Provincia:	PONTEVEDRA
Teléfono:	986437400
Fax:	986431145
Persoa de Contacto:	
Cargo contacto:	GERENTE
Segunda Persoa de Contacto:	
Cargo segundo contacto:	
Email:	gerencia@lemabandin.com
Página Web:	
Actividade:	LABORATORIOS
Data Alta:	9 / 12 / 2003
Sector:	Sanidad
Traballadores:	Homes: 0 Mulleres: 0

Intranet - visita a empresas

En posteriores visitas e entrevistas entrégaselle de forma personalizada a cada empresa a documentación ou a información demandada por esta, tal como:

- **Libro de currículos** de persoas usuarias que por sector o perfil profesional poidan interesar para a actividade da empresa.
- **Información detallada sobre posibles liñas de axuda á contratación** por conta allea vixentes en cada momento e relacionadas cos perfís das persoas usuarias.
- **Propostas de colaboración negociadas nas visitas previas** (organización de accións formativas ou prácticas).

Como mostra do traballo realizado achéganse os datos desta actuación, indicando o sector e a porcentaxe correspondente en relación co total de empresas contactadas.

4.3. RELACIÓN DE EMPRESAS VISITADAS E COLABORADORAS

EMPRESA	ACTIVIDADE	CONCELLO
A&D ABOGADOS	Avogadas	PORRIÑO
A. LALÍN	Confección de cortinas textil	VIGO
AACCENTIA	Proxectos e consultoría en Ntcs.	VIGO
ADECCO	Empresa de traballo temporal	VIGO
ADOM SERVIZOS	Axuda a domicilio	VIGO
AGRO-RINXELA	Comercio agrícola	VIGO
AIMEN	Asociación sectorial	PORRIÑO
ALFYCO	Asesoría de empresas	VIGO
ALUDEC IBÉRICA	Auxiliares automoción	VIGO
ALUGRÁN	Carpintería metálica	MOS
APROIMPA	Asociación sectorial	VIGO
AQUILEA	Perrucaría e estética	VIGO
ASIME	Asociación sectorial	VIGO
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE NIGRÁN	Asociación empresarial	NIGRÁN
ASC. DE COMERCIANTES DE REDONDELA	Asociación empresarial	REDONDELA
ASC. DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS DE BAIONA	Asociación empresarial	BAIONA
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE ARCADE-SOUTOMAIOR	Asociación empresarial	SOUTOMAIOR
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MOS	Asociación empresarial	MOS
ASC. DE EMPRESARIOS DE REDONDELA	Asociación empresarial	REDONDELA

EMPRESA	ACTIVIDADE	CONCELLO
ASC. DE EMPRESARIOS POL.A PASAXE	Asociación empresarial	GONDOMAR
ASC. EMPRESARIOS POL. DA GRANXA	Asociación empresarial	PORRIÑO
ASC. DE EMPRESARIOS VAL MIÑOR	Asociación empresarial	NIGRÁN
ASC. DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO	Asociación empresarial	VIGO
ASC. DE MUJERES EMPRESARIAS DE PONTEVEDRA	Asociación empresarial	VIGO
ASC.DE PEQUEÑOS EMPRESARIOS DE CONSTRUCCIÓN	Asociación empresarial	VIGO
ASC. EMPRESARIOS AS GÁNDARAS	Asociación sectorial	PORRIÑO
ASOCIACIÓN GALEGA DE GRANITEIROS	Asociación sectorial	PORRIÑO
ASC. GALLEGA DE FABRICANTES DE MAQUINARIA DE PIEDRA	Asociación empresarial	PORRIÑO
AUTOESCUELAS FARO	Autoescuela	VIGO
ASC. DE COMERCIANTES DE REDNODELA	Asociación empresarial	REDONDELA
ASC. DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS DE BAIONA	Asociación empresarial	BAIONA
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE ARCADE-SOUTOMAIOR	Asociación empresarial	SOUTOMAIOR
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MOS	Asociación empresarial	MOS
ASC. DE EMPRESARIOS DE REDONDELA	Asociación empresarial	REDONDELA
ASC. DE EMPRESARIOS POL.A PASAXE	Asociación empresarial	GONDOMAR
ASC. EMPRESARIOS POL. DA GRANXA	Asociación empresarial	PORRIÑO
ASC. DE EMPRESARIOS VAL MIÑOR	Asociación empresarial	NIGRÁN
ASC. DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO	Asociación empresarial	VIGO
ASC. DE MUJERES EMPRESARIAS DE PONTEVEDRA	Asociación empresarial	VIGO
ASC.DE PEQUEÑOS EMPRESARIOS DE CONSTRUCCIÓN	Asociación empresarial	VIGO
ASC. EMPRESARIOS AS GÁNDARAS	Asociación sectorial	PORRIÑO
ASOCIACIÓN GALEGA DE GRANITEIROS	Asociación sectorial	PORRIÑO
ASC. GALLEGA DE FABRICANTES DE MAQUINARIA DE PIEDRA	Asociación empresarial	PORRIÑO
AUTOESCUELAS FARO	Autoescuela	VIGO
AUTOMOCIÓN GALICIA	Auxiliares automoción	PORRIÑO
BALIÑO S.A.	Fabricantes de maquinaria eléctrica	VIGO
CABLERIAS CONDUCTORAS	Auxiliares de automoción	VIGO

EMPRESA	ACTIVIDADE	CONCELLO
AUTOMOCIÓN GALICIA	Auxiliares automoción	PORRIÑO
BALIÑO S.A.	Fabricantes de maquinaria eléctrica	VIGO
CABLERIAS CONDUCTORAS	Auxiliares de automoción	VIGO
CAFÉ - BAR SOPORTALES	Hostalaría	VIGO
CALEFACCIONES ORENSE	Construcción: fontanería	VIGO
CALL CENTER	Centro atención de llamadas	VIGO
CARREFOUR	Grandes almacéns	VIGO
CEAGA	Clúster automoción	VIGO
CEAMSA	Alimentación: preparados alimenticios	PORRIÑO
CELTA INMOBILIARIA	Inmobiliaria	VIGO
CELTGAS, S.L.	Construcción, instalacións e enxeñaría	VIGO
CENA BAR	Hostalaría	VIGO
CENTRO DE ESTUDOS ADES	Formación	VIGO
CIE A GRANXA	Centro empresarial	PORRIÑO
CIP	Formación	VIGO
CLIMARTE	Servizos de limpeza	VIGO
COMUNIKT	Servizos de comunicación	VIGO
CONFECCIONES CRISTAL	Confección	REDONDELA
COPO IBÉRICA, S.A.	Auxiliares automoción	VIGO
CZV-CZ VETERINARIA	Químicas: fabricantes biolóxicos	PORRIÑO
DECOGAR	Drogaría e perfumaría	VIGO
DISMAC	Servizos integrais para a oficina	GONDOMAR
DISTRIBUIDORA DEL NOROESTE	Editorial: Distribución	VIGO
DOSSIER COMERCIAL, S.L.	Comercio	VIGO
EASYLUNCH, S.L.	Hostalaría	VIGO
EGA RRHH	Consultoría e RR.HH.	VIGO
EL CANARIO CATERING	Hostalaría	REDONDELA
EL VOLANTE SERVICIOS HOSTELEROS S.L.	Hostalaría	PORRIÑO
ENIX TEXTIL	Confección punto	MOS
EQUIPO INTEGRAL DE ASESORIAS	Asesoría	VIGO
EURORESIDENCIAS VIGO	Residencia 3ª idade	VIGO
EXCLUSIVAS GOMBAL	Alimentación: distribución	REDONDELA
FÁSTER	E.T.T.	VIGO

EMPRESA	ACTIVIDADE	CONCELLO
EGA RRHH	Consultoría e RR.HH.	VIGO
EL CANARIO CATERING	Hostalaría	REDONDELA
EL VOLANTE SERVICIOS HOSTELEROS S.L.	Hostalaría	PORRIÑO
ENIX TEXTIL	Confección punto	MOS
EQUIPO INTEGRAL DE ASESORIAS	Asesoría	VIGO
EURORESIDENCIAS VIGO	Residencia 3ª idade	VIGO
EXCLUSIVAS GOMBAL	Alimentación: distribución	REDONDELA
FÁSTER	E.T.T.	VIGO
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERARÍA	Federación sectorial	VIGO
FERGÓ	Servizos de xardinaría	VIGO
FERRALGASA	Carpintaría metálica	VIGO
FERROPOLAST	Auxiliares automoción	VIGO
FORBO ADHESIVES SPAIN, S.L.U.	Auxiliares automoción	MOS
FRANCISCO CARDAMA, S.A.	Construcción naval	VIGO
FRIOGARRIDA S.A.	Productos pesqueros Ultraconxelados	VIGO
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	Fundación	VIGO
GANOMAGOGA, S.L.	Construcións metálicas	MOS
GARCIVENTA, S.L.	Construción materiais div. e venta	VIGO
GÉNESIS	Seguros	VIGO
GESTAMP	Auxiliares automoción	PORRIÑO
GESTORÍA ASESORÍA CASARES	Asesoría e xestoría	VIGO
GESTORÍA CONDE	Asesoría e xestoría	VIGO
GRUPO MACONSI	Servizos de limpeza	VIGO
HIEDRA	Herboristaría	VIGO
HOTEL IPANEMA	Hostalaría	VIGO
HOTEL TRES CARABELAS	Hostalaría	BAIONA
IDEGA	Enxeñaría industrial	VIGO
INAGAL, S.L.	Servizos de enxeñaría	VIGO
INDUSAL	Lavanaría industrial	PORRIÑO
INTERNET CONSTRUCCION DATA21, S.A.	Servizos de construción por Internet	VIGO

EMPRESA	ACTIVIDADE	CONCELLO
JAMONES VIGO, S.L.	Alimentación: distribución	MOS
JOURNEY THERAPIES, S.L.	Perrucaría e estética	VIGO
K SERGAL ESPAÑA, S.L.	Servizos de reparacións e instalacións	VIGO
KIDS GARDEN	Gardaría	VIGO
LEMA & BANDÍN	Laboratorio	VIGO
LIMPIEZAS FARO	Servizos de limpeza	VIGO
LINORSA	Servizos de limpeza	VIGO
LYR	Electricidade e fontanaría	PORRIÑO
MADERAS IGLESIAS	Fabricantes produtos de madeira	MOS
MANPOWER	Empresa de traballo temporal	PORRIÑO
MASELGA VENDING	Vending	VIGO
MC INMOBILIARIA	Inmobiliaria	VIGO
MCDONALDS	Hostalaría	VIGO
MECANIZADOS UME	Fabricantes maq. non eléctrica	VIGO
MERCAGOL, S.A.	Comercio	VIGO
MESÓN EL CAPITAN	Hostalaría	VIGO
MONTAJES TELMO CABALEAROS	Construcción naval	REDONDELA
MYMAIN, S.A.	Servizos de mantemento	VIGO
NOVITEX	Confección	VIGO
OFTEGA AB, S.L.	Comercio/ servizos	VIGO
OPTICA MIRADOR , S.L.	Óptica	SALVATERRA DE MIÑO
ORGASERCO ASESORÍA	Asesoría de empresas	PORRIÑO
PANTALÁN	Hostalaría	VIGO
PARQUE CASTRELOS	Centro de día 3ª idade	VIGO
PECHADURA S.L.	Arquitectura e enxeñaría	VIGO
PEGUFORM IBÉRICA, S.L.	Auxiliares automoción	REDONDELA
PERSIANAS GALICIA	Carpintaría metálica	VIGO
PESCA VERTICALIA S.L.	Servizos de venda de peixe	VIGO
PESCALAGO	Pesca	VIGO
PETER TABOADA, S.L.	Fabricación, comercialización de sistemas de tratamento e purificación de auga	REDONDELA

EMPRESA	ACTIVIDADE	CONCELLO
PLYGEPE	Planificación, constr. e servizos	VIGO
PREVENT VIGO, S.A.	Auxiliares automoción	MOS
RAMIRO GIL	Perrucaría e estética	VIGO
REIGA, S.L.L.	Reciclaxes informáticos	VIGO
RESTAURANTE ABUELO CHICO	Hostalaría	REDONDELA
RESTAURANTE CARMIÑA	Hostalaría	VIGO
RESTAURANTE CASAVELLA	Hostalaría	VIGO
ROEIRASA	Auxiliares automoción	VIGO
SANTIAGO & ALONSO ASESORES	Asesoría de empresas	VIGO
SELECT RRHH, ETT	Empresa de traballo temporal	VIGO
SERINTEC2C, CONSULTORÍA INTEGRAL	Consultoría	VIGO
SERUNIÓN	Hostalaría	REDONDELA
SEUR	Transporte urxente	VIGO
SISTEMAS DE INGENIERÍA GLOBAL, S.A.	Enxeñaría	VIGO
SMOKEND	Centro de deshabitación do tabaco	VIGO
SMURFIT ESPAÑA	Fabricantes: papel e cartón	PORRIÑO
SPREEN SERIGRAFÍA	Serigrafía	MOS
SUMIFERGA	Subministras industriais e ferretaría	PORRIÑO
SUPERMERCADO ATLÁNTICO	Alimentación	SALVATERRA
TAMAÑÓ, S.L.	Servizos funerarios	REDONDELA
TELVIRED	Telecomunicacións.	VIGO
TEMPERANS & ANIMALS, S.L.	Lecer e tempo libre	VIGO
THEMA FORMACIÓN S.L.	Formación	VIGO
TOP CITY	Editorial: revista	VIGO
TOYSAL	Reciclaxe e residuos	VIGO
TYS UR US	Comercio: xoguetaría	VIGO
UNITEXGA	Auxiliares automoción	REDONDELA
VEGONSA	Alimentación	A CORUÑA
VILLADASEGUR	Seguros	VIGO
VIÑAS BREAS S.L.	Asesoría de empresas	PONTEAREAS
VISTEÓN	Auxiliares de automoción	SALCEDA
XENTES	Axuda a domicilio	PONTEAREAS
YA-CAR	Aluger de vehículos	VIGO

5. PAQUETE DE PRODUTOS OFERTADOS AO TECIDO EMPRESARIAL

O proxecto Compás desenvolve unha serie de produtos clave de márketing de inserción para acadar a colaboración e a implicación das empresas.

O paquete de produtos que ofrece Compás son: a preselección de persoas candidatas, os convenios tutelados, a formación con compromiso de contratación, a igualdade de oportunidades e as novas tecnoloxías.

5.1 PRESELECCIÓN DE PERSOAS

Ao detectaren as empresas do territorio a necesidade de incorporacións ao seu cadro de persoal, ofréceselles a posibilidade de xestionar para elas unha preselección de persoas candidatas axustadas a un perfil concreto e con motivación e dispoñibilidade para o emprego.

O procedemento empregado é o seguinte:

PASO 1. A oferta de emprego queda recollida nun espazo reservado na Ficha de Empresa.

PASO 2. Comunícaselle a oferta por correo ao equipo de orientación, remitando a mesma a través do Modelo de Ficha Rexistro oferta. Véxase anexo III.

PASO 3. Preselección de persoas candidatas axustadas ao perfil utilizando sistema de baremación. Véxase anexo IV.

PASO 4. Remítenselle á empresa catro persoas candidatas por cada oferta de traballo, axustadas ao perfil profesional establecido. Para isto emprégase o soporte específico “Libro de currículos”.

PASO 5. Unha vez entregados os c.v., a empresa fixará a data da entrevista, realizará a mesma e comunicaralle o resultado ao Dpto. de Márketing.

PASO 6. Todas as fichas das ofertas xestionadas son arquivadas independentemente, rexistrándose na intranet do Proxecto todos os datos, indicando en cada caso: nº de postos solicitados, nº de persoas enviadas á oferta especificada por sexo, e nº de persoas contratadas. Este sistema permite emitir mensualmente un informe das ofertas xestionadas e os resultados das mesmas.

5.2 CONVENIOS TUTELADOS

Os convenios tutelados son un recurso para a incorporación a un posto de traballo que agrupa accións de capacitación e de adestramento para o emprego e que permite ademais poñer en práctica as competencias clave para o desempeño efectivo dun posto de traballo.

Os convenios tutelados consisten na realización de prácticas profesionais en empresas pertencentes ao ámbito da MAIV durante o período especificado.

Estes convenios en prácticas non están ligados a ningún proceso formativo previo e permiten a capacitación profesional experiencial en empresas concertadas polo proxecto, proporcionando un sistema de transición á vida laboral, mediante a toma de contacto directo coa empresa en ambientes reais de traballo.

As usuarias e usuarios teñen a oportunidade de desempeñar de forma práctica postos de traballo adecuados ao seu perfil profesional, en empresas nas que se detecte un interese real ou futuro de incorporacións ao seu cadro de persoal.

Os convenios tutelados realizáronse en empresas da Mancomunidade de Vigo e nos postos que se indican no seguinte cadro:

CONVENIOS TUTELADOS					
Posto	Entidade	Nº horas	Nº Conv.	Nº muller	Nº home
Administrativa/o	Empresa área Vigo	2100	21	19	2
Contable Financeiro	Emp. área Vigo	800	8	6	2
Técnico/a Selec. Persoal	Empresa Vigo	100	1	1	----
Técnico/a Calidade	Empresa Vigo	200	2	2	
Técnico/a Ventas	Empresa Vigo	100	1	1	----
Xestión Comercial	Empresa Vigo	500	5	3	2
Xardineiro/a	Empresa Vigo	100	1	----	1
Deseñador/a Gráfico	Empresa Área Vigo	100	1	1	----
Técnico/a. Ordenador	Empresa Vigo	100	1		1
Perruqueiro/a	Empresa Vigo	100	1	1	
Xornalista	Empresa Vigo	100	1	1	----
Dietista	Empresa Vigo	100	1	1	----
Veterinaria/o	Empresa Vigo	100	1	1	----
Oficial fabricación	Empresa área Vigo	100	1	----	1
Formac. a distancia	Empresa Vigo	100	1	----	1
Recepcionista	Empresa Vigo	100	1	1	----
Montador/a moble	Empresa Vigo	100	1	----	1
Albanel/a	Empresa Vigo	100	1	----	1
Dependente/a	Empresa Salvaterra	100	1	1	----
Técnico/a de laboratorio	Empresa Vigo	100	1	1	----
TOTAL		5.200	52	40	12

O Proxecto Compás considera os convenios tutelados como unha opción para a adaptación e o coñecemento da persoa a un posto de traballo que a empresa necesita cubrir. O desenvolvemento deste produto, posibilitou nunha **porcentaxe do 61,5%**, a **contratación posterior** destas persoas ao finalizar as prácticas tuteladas.

INSERCIÓN LABORAL



Por tanto, o paso por esta acción dota de competencias experienciais as persoas que carecen das mesmas, permitindo o desenvolvemento da parte práctica do saber.

A **finalidade** dos convenios tutelados consiste en servir de apoio á inserción laboral das persoas, permitíndolles mellorar o seu grado de empleabilidade a través do reforzo da formación e experiencia profesional en empresas.

Por outro lado, permiten comprobar de maneira directa cómo se adapta a persoa a un posto de traballo, así como, a propia dinámica e o contorno da empresa.

A seguir cítanse **as características** que desde Compás se deseñaron para os mesmos:

- Poderán **participar** todas as persoas usuarias incorporadas ao proxecto que teñan deseñado un itinerario de inserción e asinado o compromiso de participación.
- **As persoas beneficiarias** dos convenios serán as empresas-entidades da MAIV, que deberán facilitar a información e a documentación que se lles solicite a través do proxecto para a tramitación dos devanditos convenios.
- **Son prácticas profesionais non remuneradas de mellora da empleabilidade** destinadas especialmente ás persoas participantes do Proxecto que leven un período longo de inactividade, ou ben que carezan de experiencia profesional e que precisen unha toma de contacto co mundo laboral.

- **Non existirá relación laboral** entre a empresa/entidade asinante deste convenio e o alumnado acollido ao programa de prácticas.
- **A duración** do convenio tutelado non pode exceder de **100 horas** nun período de 30 días naturais, distribuídas nun mínimo de 4 horas e un máximo de 5 horas ao día.
- **Autorizadas pola Inspección Provincial de Traballo** e Seguridade Social a través dun acordo de colaboración asinado.
- **Limitado o número de convenios** tutelados asinados por unha empresa, non podendo superar o 10% do total de persoal traballador, referido ao período no que se pretenda levar a cabo a acción.
- **Incentivos á empresa** en concepto de tutorización.
- **A empresa abóalle á persoa** participante do convenio unha compensación económica en concepto de incentivo de asistencia.

A seguir expóñense os **pasos** que se precisan para poñer en marcha esta acción:

PASO 1. Nas visitas a empresas recóllese o interese por participar nun convenio tutelado na Ficha de empresa.

PASO 2. A proposta de convenio tutelado comunícaselle ao Dpto. de orientación coa ficha de rexistro de convenios tutelados que contén: nome da empresa, data, nº de persoas solicitadas, posto, perfil, funcións a desenvolver e información da empresa. Véxase anexo III

PASO 3. Os Dptos. de Orientación e Márketing de Inserción realizan conxuntamente a preselección de persoas candidatas adecuadas para o perfil solicitado pola empresa.

PASO 4. Entrégase persoalmente na empresa o “LIBRO DE CURRÍCULOS” das persoas candidatas.

PASO 5. A selección final é realizada pola empresa que lle comunica ao Dpto. de Márketing quen participará no convenio.

PASO 6. Para o seu inicio, unha vez realizada a selección, será necesario tramitar a seguinte documentación por cuádruplicado:

- Modelo de convenio tutelado. -Véxase anexo VI-
- Ficha de relación de alumnado.
- Ficha de prácticas do alumno/a.
- Alta na póliza do seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- Comunicación á Inspección Provincial de Traballo.
- Certificados solicitados á empresa de estar ao corrente dos pagos coa administración.

PASO 7. Unha vez finalizado o período estipulado de horas prácticas, a empresa poderá establecer ou non unha relación laboral coa persoa que realízase o convenio tutelado. En caso de sinatura dun contrato de traballo, será a empresa a que estableza as características e a duración do mesmo.

5.3 INFORMACIÓN / ASESORAMENTO A EMPRESAS

Nas visitas persoais, ofrécelle á empresa servizos de asesoramento e de información sobre axudas ou bonificacións municipais e autonómicas de contratación por conta allea, así como sobre incentivos fiscais e modalidade do contrato máis adecuado para o perfil da persoa que a empresa pretende contratar.



Equipo de Márketing de Inserción

5.4 FORMACIÓN CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN


Trátase da negociación e da posta en marcha de “**formación a medida**”, realizada a partir do acordo previo con empresas do territorio e que se imparte con carácter xeral nas instalacións da empresa.

Nº CURSOS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN 7 ACCIÓNS (770 HORAS)

CURSOS	EMPRESAS COLABORADORAS
Azafato/a caixa (2 accións)	ALCAMPO-2,VIGO
Empregado/a supermercado (2 accións)	VEGALSA-GRUPO EROSKI
Limpeza Industrial	LIMPEZAS FARO, S.L.
Operario/a productos conxelados	FRIOGARRIDA, S.L.
Operario/a clasificación de madeira	MADERAS IGLESIAS, S.A.

O obxectivo dos cursos con compromiso de contratación é a inserción laboral das persoas usuarias do Proxecto Compás, así como a súa cualificación, aprendizaxe e desenvolvemento profesional.

Nº PARTICIPANTES



As características que definen a formación con compromiso de contratación son as seguintes:

- O programa formativo da acción é proposto pola empresa en base ás súas necesidades.
- Non existe un compromiso de contratación fixado previamente, senón que en cada acción négóciase coa empresa o compromiso de contratación que se adquire.
- O número de persoas participantes non está preestablecido, senón que cada empresa propón o número de persoas candidatas idóneas para poder desenvolver a acción (mínimo establecido polo Proxecto, formación dun grupo de 6 persoas).
- O tipo e a duración do contrato de traballo que se realiza unha vez finalizada a acción formativa establécese a empresa, sendo como mínimo de tres meses de duración.

As accións formativas impártense por norma xeral nas instalacións da empresa.

Estes son os **pasos** a seguir para o desenvolvemento desta acción:

PASO 1. Nas visitas que se realizan ás empresas recóllese a súa necesidade formativa.

PASO 2. A empresa interesada en realizar esta acción presenta un plan formativo indicando o tipo de formación que se quere impartir, a duración, o horario, o lugar de celebración, o número de persoas participantes, o perfil demandado, o compromiso de contratación e as datas de comezo e de finalización.

PASO 3. A proposta presentada pola empresa comunícaselle ao departamento de formación e orientación, o cal a través do equipo de orientación realiza unha sondaxe entre as persoas usuarias do Proxecto Compás interesadas na realización desta actividade formativa.

PASO 4. Para confirmar a realización do curso cun compromiso de contratación, o departamento de Márketing e Inserción reúne cos Dptos. de Formación/orientación e Financeiro do Proxecto Compás.

PASO 5. Unha vez aprobada a realización da acción formativa realízase, por parte do equipo de orientación, unha preselección de persoas usuarias do Proxecto que cumpran o perfil requirido pola empresa.

PASO 6. Os currículos das persoas preseleccionadas son entregados persoalmente pola técnica de inserción laboral na carpeta de “libro de currículos”, para que a empresa poida analizar as propostas antes de proceder á selección.

PASO 7. A selección realízase normalmente na sede da empresa, participando unha persoa técnica do Proxecto Compás e persoal do departamento de recursos humanos da empresa.

PASO 8. Unha vez finalizada a selección, a empresa comunícalle ao Proxecto o listado definitivo de participantes na acción formativa.

PASO 9. Désígnase unha persoa técnica do Dpto. de Orientación ou Márketing de Inserción, para a presentación, o seguimento do curso e a avaliación inicial, intermedia e final do mesmo.

PASO 10. Finalizada a acción formativa, a empresa decide, en base a unha avaliación personalizada, qué persoas serán contratadas.

PASO 11. A empresa dispón de tres meses desde que finaliza a acción formativa para proceder ás contratacións.

PASO 12. Por parte do Proxecto Compás abóaselle á empresa o custo da formación en tres pagamentos. O primeiro de 30% ao comezo do curso, o 30% seguinte unha vez realizada a terceira parte da formación e o 40% restante unha vez realizadas as contratacións comprometidas.

RECOMENDACIÓNS QUE HAI QUE TER EN CONTA EN CALQUERA PROPOSTA FORMATIVA CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN


- A Empresa interesada deberá remitirle ao Proxecto Compás un orzamento detallado do custo total da acción formativa onde deberá figurar a formación, os materiais utilizados na mesma e o correspondente seguro de accidentes que cubrirá as persoas que participen na acción.
- A Empresa interesada deberá remitir un programa completo da acción formativa onde figurarán os módulos formativos a impartir, a duración dos mesmos (en número de horas e tempo de impartición) e o tipo de formación, especificando a parte teórica e a parte práctica.
- A Empresa interesada poderá participar na selección final das persoas participantes na acción formativa, sendo estas propostas polo Proxecto Compás.
- A Empresa interesada, ao asinar un convenio para impartir unha acción formativa, adquire o compromiso de contratar durante un período mínimo de tres meses as persoas que conclúsen correctamente a formación. Os contratos laborais deberanse facer efectivos nos 90 días seguintes á finalización da formación.
- A empresa interesada deberá propoñer unha determinada porcentaxe de persoas que estea disposta a contratar laboralmente. Esta porcentaxe oscila en función do número total de persoas participantes na acción formativa, pero en todo caso sitúase entre o 30 e o 40% do alumnado.
- O Proxecto Compás, despois de recibir a proposta da empresa interesada en acordar un convenio para unha acción formativa, valorará a idoneidade da mesma, tanto economicamente como formativamente. Comunicaráselle á empresa o interese do Proxecto en levar a cabo esta acción de formación.

5.5 PUBLICIDADE E RECOÑECIMENTO A EMPRESAS

A oferta que neste sentido se fai desde o proxecto ás empresas que colaboran nalgún dos produtos concrétese na publicidade que o proxecto fai destas no ámbito da Mancomunidade de Vigo.

A publicidade céntrase inicialmente na difusión da empresa a través de:

- Páxina web como empresa colaboradora.
- Participación en feiras, encontros, xornadas ou foros.
- Boletíns quincenais editados polo proxecto.
- Inclusión no CD-ROM produto final do proxecto.
- Inclusión nos produtos transnacionais.



Páxina Web



Díptico dirixido a empresas

5.6 IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NA EMPRESA

Desde a área de márketing de inserción infórmase e sensibilízase ao tecido empresarial en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A finalidade é a promoción da participación das mulleres en todos os ámbitos laborais, a través de accións que faciliten a súa incorporación ao mundo do traballo en situación de igualdade, adoptando para eso medidas de acción positiva, tales como:

- Formar a persoal dos departamentos de recursos humanos con módulos de políticas de igualdade, facilitando así o seu coñecemento e aproveitamento de axudas públicas nesta materia para a súa posta en práctica na empresa.
- Sensibilizar activamente en dúas vías:

Por un lado, ás mulleres participantes no proxecto para o acceso á formación e/ou ofertas de emprego en postos tradicionalmente masculinos.

Por outro lado, ás empresas no que se refire ás súas políticas de contratación e/ou colaboración co proxecto, e para o acceso de mulleres a postos de traballo ocupados xeralmente por homes (segregación vertical e horizontal).

Se na comarca de Vigo...

...os sectores de actividade económica que presentan menos porcentaxe de paro son: Agricultura e pesca, electricidade, construción e transporte e comunicacións...

...as ocupacións máis ofertadas polo SGC son: axente comercial, vendedor/a, albanel/a, encotador/a...

...as ocupacións máis ofertadas nas Oficinas de Emprego son: Peón/a, industria manufacturera, peón/a da construción de edificios, peón/a forestal, peón/a da industria do metal e da madeira, albanel/a...

...na actividade de INDUSTRIA só se contrata a un 29% de mulleres con respecto do total e na actividade de CONSTRUCCIÓN só se contrata a un 5% de mulleres do total...

...e as mulleres nesta comarca ...

...son maioría na pirámide de poboación...

...representan unha porcentaxe de paro do 62,5%...

...representan o 19,8% do alumnado de Formación Profesional Ocupacional na rama de Edificacións e obras públicas, un 72,3% na rama de industrias químicas e un 23,4% na rama de industrias da madeira e cortiza...

...que traballan nos niveis máis cualificados dentro do sector da construción son titúlas superiores (o 42%)...

...demandantes da ocupación peoa da industria manufacturera, respecto do total das mulleres demandantes de emprego, é do 17,3%...

...representan a maior porcentaxe de alumnas galegas matriculadas nos ciclos formativos de formación profesional, (43,3 %).

... superan nun 9% os homes matriculados na Universidade de Vigo.

... seguen a ser as principais beneficiarias dos cursos de formación ocupacional.

...daquela...

As mulleres sabemos, queremos e podemos formarnos para desenvolver calquera posto de traballo.

Conta con elas na empresa e...

Aproveita o seu potencial de capacitación profesional. Mellora a imaxe social da empresa. Mellora o clima empresarial. Aumenta o rendemento da empresa.

As empresas conta con elas por capacidade coñecementos e responsabilidade

- Envío de candidatas mulleres a preseleccións en empresas, aínda que inicialmente o perfil remitido por esta fose unicamente para candidatos homes. Con esta medida, pretendemos eliminar a discriminación en base ao sexo no recrutamento de persoal.
- Envío de candidatos homes ás accións formativas con compromiso de contratación levadas a cabo naqueles sectores e profesións nos que as mulleres están sobrerrepresentadas. Por exemplo, participaron homes na formación para postos de dependentas/es e/ou azafatos/as de caixa para supermercados.
- Creación de espazos de debate e sensibilización de políticas de igualdade de maneira transversal, tales como seminarios e foros nos que participan empresas do territorio atraídas polas temáticas de actualidade tratadas nos mesmos. Exemplo: “As Novas Tecnoloxías ao servizo da incorporación laboral”, “A calidade empresarial: novas formas de xestión dos recursos humanos”.



6. PLATAFORMA DE INSERCIÓN

Con motivo de promover un espazo común de traballo que aglutine as distintas entidades e proxectos dedicadas á inserción sociolaboral, no territorio da mancomunidade de Vigo xorde esta proposta desde o Proxecto Compás.

O **obxectivo** que se persegue é establecer canles para a coordinación e o traballo en equipo entre estas entidades, coa finalidade de axustar o deseño dos recursos ás necesidades reais do territorio e ofrecer un servizo único ás empresas.



Área Intermunicipal de Vigo

A **finalidade** das liñas de traballo establecidas dentro da plataforma son as seguintes:


- Evitar a duplicidade do persoal técnico de inserción nas intervencións con empresas.
- Intercambiar información sobre os sectores empresariais e as empresas xa visitadas, e coñecer os acordos específicos ós que se chegaron con cada unha delas.
- Seleccionar persoas para ofertas de emprego, convenios de prácticas e formación con compromiso de contratación de forma coordinada.
- Ser un referente para o tecido empresarial nas colaboracións de accións de inserción laboral.

Por diferentes motivos a plataforma de inserción non deu froito, pero sensibilizouse tanto á administración autonómica como á local e ás organizacións sociais, no sentido de que todos e todas se propoñan a necesidade dun traballo coordinado como única vía cara a un maior aproveitamento dos recursos de emprego da zona.


7. RECURSOS DE INTERESE

7.1 ENTIDADES DA AGRUPACIÓN DE DESENVOLVEMENTO EQUAL ÁREA METROPOLITANA

- Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
www.maiv.org



- Excma. Deputación de Pontevedra
www.depontevedra.es



- Confederación de Empresarios de Pontevedra
www.cep.es



- Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com



- Comisións Obreiras
www.ccoo.es



- Caixanova
www.caixanova.es



- Unión Xeral de Traballadores
www.ugtgalicia.org/ugtvigo.htm



7.2 DIRECTORIOS EMPRESARIAIS

- Ardán
www.ardan.es
- Guía das empresas que ofrecen emprego
www.fue.es/guia-800.htm
- O Correo Galego “5000 empresas galegas e 1000 do Norte de Portugal”
www.elcorreogallego.es/5000empresas/busquedag.asp
- Club Financeiro de Vigo
www.clubfinvigo.com
- Guía Industrial
www.vigoempresa.com
- Cámaras de Comercio
www.camerdata.es/_guia_empresario/fr_guia.html
- Páxinas amarelas
http://empleo.paginasamarillas.es/busqueda_avanzada_empresas.cfm
- Consorcio da Zona Franca de Vigo
www.zonafrancavigo.com
- Clúster de Empresas de Automoción
www.ceaga.es
- Directorio de parques empresariais de Galicia e do Norte de Portugal
<http://sr3.zonafrancavigo.com/ouea/html/poligonos/principal.htm>

7.3. ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS:


- Asociación de Empresarios de Redondela.
www.picga.com/construccion/cons-redondela.html
- Asociación de Empresarios do Val Miñor
www.ovalmi.com
- AEMOS.- Asociación de Empresarios de Mos
www.aemos.com
- Asociación de Empresarios de Arcade-Soutomaior
www.aeas.org
- Asociación de Empresarios Polígono “A Pasaxe”
R/ Outeriro do Ferro, nº 61. Polígono Industrial A Pasaxe
36316- Vincios. Gondomar
Teléfono: 986 46 90 35
- Asociación de Empresarios das Gándaras - Porriño
www.poligonoasgandaras.com
- ASEHOSPO. - Asociación Empresarial de Hospedaxe da Provincia de Pontevedra
www.picga.com/hoteles/asehospo.html
- ACEBA. - Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona
www.baiona.org/aceba
- Asociación de Comerciantes de Vigo
fpcp@arrakis.es

- AJE.-Vigo. - Asociación de Xoves Empresarios de Vigo
www.aje-vigo.es
- APE-PONTEVEDRA. - Asociación de Provincial de Empresarias
www.alen-sl.es/ape
- APROINPA. - Asociación Provincial de Industrias de Panificación
www.aproinpa.com
- APEC - Asociación Provincial de Empresarios da Construción
www.apecpo.es
- Federación Provincial de Hostalaría de Pontevedra
www.feprohos.com
- AIMEN. - Asociación de Investigación metalúrxica do Noroeste
www.aimen.es
- Asociación Galega de Graniteiros
www.graniteiros.com
- ANFACO. - Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas
www.anfaco.es
- ASIME. - Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia
www.asime.es
- Asociación de Industrias de Punto e Confección
www.aipclop.com

7.4. OUTROS ENDEREZOS DE INTERESE

- Cámaras de Comercio de Tui
www.camaratui.com
- Cámaras de Comercio de Pontevedra
www.camaras.org/pontevedra
- Cámaras de Comercio de Vigo
www.camaravigo.com
- CIE. - Centro de Iniciativas Empresariais de Porriño
info@ciegranxa.com
- C^a de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais
www.xunta.es/conselle/as/emprego
- EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia
www.eures-norteportugal-galicia.org
- Federación Galega de Municipios
www.fegamp.es
- Fundación Laboral da Construción
<http://galicia.fundacionlaboral.org/web/esp/home/asp>
- Igape
www.igape.es
- Universidade de Vigo: Área de orientación laboral e autoemprego
www.uvigo.es/empresa/index.es.htm

8. ANEXOS



I - DÍPTICO PARA EMPRESAS




Portada Díptico

I - DÍPTICO PARA EMPRESAS



PROXECTO COMPÁS
A.D. Igual Área Metropolitana de Vigo

Compás é un proxecto que se enmarca dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, dedicada a promover novos métodos de loita contra o desemprego.



PROMOTORES:
Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo

Baiona • Fornelos de Montes
Condado • Mos • Nigrán
Pazos de Borbón • O Porriño
Redondela • Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño • Soutomaior • Vigo.



caixanova
Departamento Social
Avda. García Barón, nº 2
Tel.: 986 422 200
VIGO



CCOO
Unión Comarcal de Vigo
C/ Torque Abaixo, nº 28 baixo
Tel.: 986 213 707
VIGO



CEP
Avda. García Barón, nº 104
Tel.: 986 429 411
VIGO



CIG
Confederación Intersindical Galega
C/ Gregorio Lapesa, nº 47 - 1º
Tel.: 986 262 409
VIGO



JUNTA DE PONTAVEDRA
Servizo de Promoción do Emprego
Avda. Montemaría, nº 10
Tel.: 986 804 100
PONTAVEDRA



UGT
Unión Xeral de Traballadores
C/ Heras do Barón, nº 2
Tel.: 986 44 34 28
VIGO

A CAPACITACIÓN PROFESIONAL, UN ACTIVO PARA A SÚA EMPRESA

O equipo técnico do proxecto Compás, a través de distintas accións, axustará as características individuais das persoas ós perfís laborais demandados pola súa empresa

Preselección
Disponibilidade dunha base de datos para unha preselección axustada ás características dos perfís demandados.

Motivación ó emprego
Apoio ás persoas para o fomento da motivación na busca e mantemento do emprego


Formación
Accións gratuítas de aprendizaxe profesional adaptadas ás necesidades da súa empresa e ás novas tecnoloxías da información.

Prácticas tuteladas
Prácticas non remuneradas dos/as usuarios/as do proxecto nas empresas da área de Vigo

Igualdade de oportunidades na súa empresa
Promoción da participación das mulleres en todos os ámbitos laborais a través de accións que faciliten a súa incorporación ó traballo en situación de igualdade.

Información a empresas
Apoio na tramitación, información e asesoramento dos incentivos á contratación por conta allea.

Empresa solidaria
Recoñecemento social para as empresas que participan no Proxecto Compás: publicidade na páxina web e en boletíns, xornadas temáticas...



Interior Díptico

II - FICHA DE EMPRESA

DATOS EMPRESA

FECHA:		
Nome: Actividade		
Localidade:	Provincia:	
Enderezo:	C.P.:	
Teléfono:	Fax:	
E-mail:		
Representante da empresa:		
Cargo:		
Persoa de contacto:		
Cargo:		
Nº TOTAL de Traballadores/as:		
Homes:		
Mulleres:		
Fixos/as:	Temporais:	Tipo de xornada preferente:
Homes:	Homes:	
Mulleres:	Mulleres:	
¿Outros centros de traballo)?		
Observacións:		
¿Dispón de algunha medida de Acción Positiva na empresa?:		

FORMACIÓN

¿Demanda algún tipo de formación?	SI	NON
ESPECIALIDADES		
¿Faría formación na súa propa empresa?	SI	NON
¿Interese en formación sobre I.O. no traballo?	SI	NON
¿Ten recursos necesarios para impartila?	SI	NON
ESPECIFICAR		
¿Disposto a facer CONVENIOS TUTELADOS?		

¿Ten previsto hacer oferta de empleo?	SI	NON
1. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá creciendo en los próximos años?	85	15
2. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una fuente de empleo importante?	90	10
3. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria clave para el desarrollo económico?	88	12
4. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria rentable?	82	18
5. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria competitiva?	80	20
6. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria innovadora?	75	25
7. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria sostenible?	70	30
8. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria segura?	65	35
9. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria atractiva?	60	40
10. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria dinámica?	55	45
11. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria próspera?	50	50
12. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria exitosa?	45	55
13. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria rentable?	40	60
14. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria competitiva?	35	65
15. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria innovadora?	30	70
16. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria sostenible?	25	75
17. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria segura?	20	80
18. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria atractiva?	15	85
19. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria dinámica?	10	90
20. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria próspera?	5	95
21. ¿Crees que el sector de la construcción seguirá siendo una industria exitosa?	0	100

¿Qué postos?

- POSTO I:
FUNCIÓNs:
HABILIDADES:
ACTITUDES:
- POSTO II:
FUNCIÓNs:
HABILIDADES:
ACTITUDES:
- POSTO III:
FUNCIÓNs:
HABILIDADES:
ACTITUDES:

Observacións:

DATA	ASUNTO	CON QUÉN	CARGO	REALIZADA POR

III- FICHA REXISTRO OFERTA/ CONVENIO TUTELADO

OFERTA/ CONVENIO
NÚMERO:

DATA:.

<i>Empresa:</i>	<i>Localidade:</i>
<i>Núm. Persoas solicitadas:</i> <i>Posto solicitado:</i>	

PERFIL SOLICITADO

<i>I.-Formación académica:</i>
<i>II.-Formación complementaria:</i>
<i>III.-Aspectos pessoais:</i>
<i>IV.-Outros:</i>

FUNCIÓNS A DESENVOLVER

--

INFORMACIÓN DA EMPRESA

--

IV - SISTEMA DE BAREMACIÓN

BAREMO DE CANDIDATURAS PARA PARTICIPAR EN PROCESOS DE SELECCIÓN

1.- CUMPRIMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

Cumpre o perfil, preferible, demandado pola empresa_____ (3 puntos)

Cumpre o perfil mínimo esixible pola empresa_____ (2 puntos)

Cumpre os requisitos esixidos pola empresa, a excepción de factores de desigualdade como son o xénero, idade, nacionalidade, outros_____ (1 punto)

TOTAL CUMPRIMENTO DO PERFIL_____ PUNTOS

2.- SITUACIÓN DE URXENCIA SOCIOECONÓMICA

Atópase nunha situación económica moi grave, é responsable do mantemento de terceiras persoas_____ (3 puntos)

Dispón dalgún ingreso familiar, aínda que a situación é difícil_____ (2 puntos)

A situación é tolerable. Non está nunha situación de urxencia_____ (1 punto)

TOTAL SITUACIÓN DE URXENCIA_____ PUNTOS

3.- GRAO DE CUMPRIMENTO DE OBOECTIVOS E MOTIVACIÓN

Persoa responsable e motivada, cumpre cos prazos, citas, cursos, etc e nunca participou nunha selección para posto de traballo ou convenio tutelado_____ (4 puntos)

Igual que a anterior pero con participación en anteriores seleccións_____ (3 puntos)

Interésase por algunhas accións do proxecto, nunca fallou en anteriores seleccións e manifesta un grao de motivación medio_____ (2 puntos)

Ten fallado en anteriores seleccións, baixa motivación, pero encaixa no perfil demandado_____ (1 punto)

(As persoas ubicadas neste último suposto, non serán valoradas no apartado 1)

TOTAL DO GRAO DE MOTIVACIÓN_____ PUNTOS

SUMA TOTAL DA BAREMACIÓN_____ PUNTOS (máximo 10- mínimo 3)

Número máximo de candidatos por posto 4. No suposto de varias persoas coa mesma puntuación tratarase de reservar unha candidatura para cada centro de orientación e terán prioridade os centros que non tiveran seleccionado a ningún candidato nas tres últimas ofertas de posto.

**BAREMO DE CANDIDATURAS:
FICHA DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS DE SELECCIÓN
(CANDIDATOS/AS)**

CANDIDATO/A

NOME E APELIDOS

ENDEREZO

D.N.I.

TFNO.

TITULACIÓN/ PROFESIÓN

ORIENTADOR/A QUE PROPÓN A CANDIDATURA

CENTRO

TELÉFONO

POSTO PARA O QUE SELECCIONA

EMPRESA

MOTIVO QUE XUSTIFICA A CANDIDATURA

PUNTUACIÓN PROCESO DE BAREMACIÓN

PUNTOS

DATA DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA

V- INSTRUCCIÓN REGULADORAS CONVENIOS TUTELADOS

TEXTO REFUNDIDO DAS INSTRUCIÓN REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE CONTRATOS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS TUTELADAS NON LABORAIS EN EMPRESAS-ENTIDADES PARA USUARIOS/AS DO PROXECTO COMPAS DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Instrucións reguladoras para a concesión de contratos de colaboración para a realización de prácticas tuteladas non laborais en empresa-entidades da Mancomunidad de Vigo, coa finalidade de servir de apoio á inserción sociolaboral de persoas con especiais dificultades de incorporación ó mercado laboral, no marco do Proxecto Compás, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, a través da Iniciativa Comunitaria Equal

MARCO XERAL

1.- FINALIDADE

Segundo establece o Proxecto Compas, os usuarios/as do Proxecto, poderán ser direccionados polo/a orientador/a a desenvolver prácticas profesionais non remuneradas co fin de mellorar o seu grado de empregabilidade; pasarán a executar as ditas prácticas, de xeito que completen o proceso-itinerario que mellore o seu grado de empregabilidade, en empresas-entidades coas que se realicen os oportunos contratos de colaboración.

O obxecto do presente contrato é facilitarlle ós/as usuarios/as do Proxecto Compas -que se desenvolve ata decembro de 2004, dependente da “Agrupación de Desarrollo del Area Metropolitana de Vigo” e financiado polo Fondo Social Europeo dentro da iniciativa Equal- a realización de prácticas profesionais nos centros de traballo dependentes da citada empresa-entidade, e conseguir , deste xeito unha mellor preparación para o emprego debido o contacto con ambientes reais de traballo.

2.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser persoas beneficiarias todos as/os usuarias/os incorporadas/os ó proxecto Compás, en calquera dos centros e vías de acceso, que teñan deseñado un itinerario de inserción e asinado o compromiso de participación no proxecto.

3.- PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o 1 de marzo de 2003 ata, sempre con suxeición ás disponibilidades orzamentarias do proxecto Compás e os obxectivos previstos para esta acción en concreto. A partida orzamentaria para tal fin é a “sociedades mercantís”.

4.- OBRIGAS E LIMITACIÓNS DOS CONTRATOS

Os/As beneficiarios/as dos contratos, empresas ou entidades da Mancomunidad da Área Intermunicipal da Área Intermunicipal de Vigo, quedarán obrigados/as a someterse ás actuacións de comprobación e facilitar a información que lle sexa solicitada polo equipo técnico do

Proxecto Compás ou ben pola UAFSE e os órganos competentes da U. E.

O total de contratos previstos son 50

Os/As usuarios/as do contrato tutelado cunha empresa ou entidade, asinarán un compromiso de realización das citadas prácticas tal e como se acorda coa sinatura do correspondente contrato con cada empresa ou entidade. No caso de incumprir o acordado por parte do/a usuario/a do Proxecto Compás, o proxecto poderá decidir substituír ó usuario/a, enviado ó inicio do contrato coa empresa ou entidade por outra persoa que o proxecto decida, e ata a finalización do tempo pactado inicialmente no contrato tutelado.

Limitacións do número de contratos tutelados a realizar por unha empresas ou entidade:

O número de usuarios a concertar por unha empresa ou entidade, nunca poderá ser superior ó 10% do total de traballadores/as da citada empresa ou entidade, sempre referido ó período no que se pretende levar a cabo esta acción.

5.- FORMA DE XESTIÓN DOS CONTRATOS:

A acción chamada contratos de colaboración para a realización de prácticas tuteladas non laborais en empresas-entidades, materializarase a través dun contrato que recollerá o regulamento desta acción, en todos os aspectos, así como as formas de pagamento e xustificación. Realizándose de xeito individual con cada empresa ou entidade.

Os contratos serán individuais no referente ás empresas ou entidades e tamén referentes ás persoas do Proxecto Compás que participen nesta acción.

5.1.- Duración: A duración do contrato tutelado non poderá exceder de 100 horas de prácticas tuteladas nun período de 30 días naturais.

5.2.- Axuda económica a recibir pola empresa-entidade: cando o/a titor/a das prácticas na empresa ou entidade pertenza a ela, percibirá por parte do Proxecto Compás en concepto de titorización a cantidade **de 300 euros/por persoa titorizada**.

Establécese unha **modalidade de prácticas non remunerada para a empresa** no suposto de que esta prescinda do proceso de selección e requira a un/unha usuario/a determinado do Proxecto Compas. Neste suposto a empresa non desenvolve proceso de selección e o encargado da supervisión do traballo recaerá no servizo de orientación do proxecto.

5.3.- Axuda económica a recibir polo usuario/a proxecto Compas, as empresas quedan obrigadas, coa firma deste documento en calquera das anteriores modalidades de prácticas, a pagar ós/ás usuarios/as incluídos/as no convenio tutelado unha compensación económica equivalente a **60 € en concepto de incentivo de asistencia e optimización e bo desenvolvemento das prácticas**.

6. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

xistencia de conta bancaria e un certificado de ter capacidade xurídica de obrar e non estar incluída en ningunha das circunstancias enumeradas no art. 20 da Lei de contratos de administracións públicas, segundo a redacción dada polo Real Decreto Legislativo 2/2000 do 16 de xuño.

6.1.- O Proxecto Compás designará, pola súa parte, un/unha titor/a ou titores que terán como obxectivo apoiar tecnicamente o/a alumno/a, controlar o nivel de asistencia e avaliar o desenvolvemento da formación concertada. **Cando o/a titor/a pertenza á empresa ou a entidade privadas, percibirá en concepto de titorización a cantidade de 300 euros/por persoa titorizada.**

6.2.- Establécese unha modalidade de prácticas non remunerada para a empresa no suposto de que esta prescinda do proceso de selección e requira a un/unha usuario/a determinado do Proxecto Compas. Neste suposto a empresa non desenvolve proceso de selección e o encargado da supervisión do traballo recaerá no servizo de orientación do proxecto.

6.3.- As empresas quedan obrigadas, coa firma deste documento en calquera das anteriores modalidades de prácticas, a pagar ós/ás usuarios/as incluídos/as no convenio tutelado unha compensación económica equivalente a **60 € en concepto de Incentivo de asistencia e optimización e bo desenvolvemento das prácticas.**

O pagamento da tutelación dos correspondentes contratos de prácticas non laborais con empresas ou entidades realizarase mensualmente á entidade/empresa coa que se asina o presente contrato, previa presentación da seguinte documentación:

- 1.- Ficha de prácticas do/a alumno/a.
- 2.- Relación da/s persoa/s titora/s.
- 3.- Informe emitido pola empresa no que figuren as prácticas levadas a cabo polo/a usuario/a do Proxecto Compás nela.

ANEXO I: MODELO CONTRATO TUTELADO CON EMPRESAS-ENTIDADES DA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

VI- MODELO DE CONVENIO TUTELADO

MANCOMUNIDADE AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO CONVENIOS TUTELADOS

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRACTICAS TUTELADAS
NON LABORAIS EN EMPRESAS-ENTIDADES PARA USUARIOS/AS PROXECTO COMPAS

En Vigo, 08 de de 2004.

REUNIDOS

Por unha banda Dona en calidade de Presidenta da
Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, con CIF: e
domicilio na rua Hispanidade número 17 da cidade de Vigo.

Por outra D./Dona,

Con D.N.I. número....., en nome da empresa-entida-
de.....con
CIF, número..... e domicilio na
rúa.....

DECLARAN

PRIMEIRO: O interese de ambas partes por reforzar a formación e experiencia profesional dos/as usuarios/as do Proxecto Compas, en todos aqueles campos e ámbitos que melloren a súa empregabilidade. E recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimación para a negociación e sinatura do presente documento.

SEGUNDO: Que segundo establece o Proxecto Compas, os/as usuarios/as do Proxecto, poderán ser direccionados/as polo/a orientador/a a desenvolver **prácticas profesionais non remuneradas** co fin de mellorar o seu grado de empregabilidade; executarán ditas prácticas en empresas-entidades coas que se realizen os oportunos convenios de colaboración, de xeito que completen o proceso-itinerario que mellore o seu grado de empregabilidade.

TERCEIRO: Que o obxecto do presente contrato é facilitarlle ós/as usuarios/as do Proxecto Compas que se desenvolve ata xullo de 2004, dependente da “Agrupación de Desenvolvemento del Area Metropolitana de Vigo” e financiado polo Fondo Social Europeo dentro da iniciativa Equal; **a realización de practicas profesionais nos centros de traballo dependentes da citada empresa-entidade**, e conseguir, deste xeito unha mellor preparación para o emprego debido o **contacto con ambientes reais de traballo**.

ACORDAN

Suscribi-lo presente convenio de colaboración para a **realización de prácticas profesionais en empresas-entidades**.

Para a realización de ditas prácticas os/as alumnos/as-usuarios/as terán un seguro que cubrirá os riscos de accidente profesional, os desprazamentos de ida e volta así como os riscos que poiderán producirse en distinto sitios, sempre e cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas. Este seguro corre a cargo de Proxecto Compás.

Por todo isto, en execución dos obxectivos previstos no Proxecto Compas, asínase o presente convenio de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- As prácticas profesionais desenvolveranse na empresa-entidade.....

localizada na rúa

o usuario/a do Proxecto que realizará as prácticas será

Don/Dona..... con DNI.....

SEGUNDA.- A duración total das prácticas será de **100 horas**, cun mínimo de 04 horas diarias e un **máximo de 05 horas diarias**. O tempo de realización das prácticas na empresa-entidade por parte do/a usuario/a non poderá supera-lo tempo que se estipule no acordo asinado coa empresa-entidade.

TERCEIRA.- O contido das prácticas profesionais realizadas nesta empresa-entidade será o establecido **no itinerario personal que deseñe o orientador/a proposto ó usuario/a do Proxecto Compás**.

CUARTA.- O contido e desenvolvemento das prácticas poderán ser en calquera momento obxecto de valoración e supervisión por parte do equipo de xestión do Proxecto Compás, a través do persoal que teña asignado para esta tarefa, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

QUINTA.- Na realización das prácticas non laborais, terase en conta a normativa de seguridade e hixiene no traballo aplicable.

SEXTA.-

6.1.- O Proxecto Compás designará pola súa parte, un/unha titor/a ou titores que terán como obxectivo apoiar tecnicamente o/a alumno/a, controla-la nivel de asistencia e evalúa-lo desenvolvemento da formación concertada. Cando o titor/a, pertenza o ámbito da empresa ou das entidades privadas, éste/a percibirá en concepto de titorización a cantidade de 300 euros/por persona titorizada.

6.2.- Establecese unha modalidade de practicas non remunerada para a empresa, no suposto de que esta prescinda do proceso de selección e requira a un/unha usuario/a determinado do Proxecto Compas. Neste suposto a empresa non desenvolve proceso de selección e o encargado da supervisión do traballo recaerá no servizo de orientación do proxecto.

6.3.- As empresas quedan obrigadas, coa firma deste documento en calquera das anteriores modalidades de practicas, a abonar ós/ás usuarios/as incluídos no convenio tutelado, **unha compensación económica equivalente a 60 €** en concepto de Incentivo de asistencia e optimización e bon desenvolvemento das prácticas.

SÉPTIMA.- Antes do comezo das prácticas, o órgano competente do Proxecto Compás, **poñerá en coñecemento da Inspección de traballo e Seguridade Social, para permitirlle un mellor desenvolvemento da súa actuación inspectora**, o acordo-contrato asinado entre a Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo-Proxecto Compás e a empresa-entidade na que se realizarán, así como **unha relación mensual dos/das alumnos/as que participan nelas**. A empresa deberá facilitarlle ós/as representantes legais dos/as seus/súas traballadores/as esta mesma información.

OITAVA.- Non se poderá formalizar contrato de traballo entre o/a alumno/a e a empresa-entidade durante o período de prácticas. **Non existirá relación laboral** entre a empresa-entidade asinante deste acordo-contrato e o/a alumno/a-usuario/a acoillido/a ó programa de prácticas non laborais.

A realización das prácticas profesionais nos centros de traballo dependentes da citada empresa-entidade en ningún caso suporá a substitución do persoal con relación laboral coa empresa-entidade asinante deste acordo-contrato.

NOVENA.-Cada alumno/a-usuario/a terá unha **ficha de prácticas facilitado polo Proxecto Compás e dilixenciado pola empresa-entidade** e o/a titor/a de prácticas, onde figurarán as actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados na súa realización.

DÉCIMA.- En caso de faltas de puntualidade, asistencia ou incorrecto comportamento do/a alumno/a, a empresa-entidade poderá desistir de continuar na súa colaboración formativa con ese/a alumno/a, podendo facelo cunha comunicación ó Proxecto Compás ou titor/a das prácticas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Este acordo-contrato entrará en vigor o día da súa sinatura e manterase vixente polo período de realización das prácticas contempladas no Proxecto Compás(cen horas de duración equivalente a un mes natural).

DECIMO SEGUNDA.- O incumprimento dalgunha das cláusulas deste acordo-contrato será causa da súa resolución.

DECIMO TERCEIRA.- Co fin de realizar un seguimento do presente convenio e para velar pola súa correcta aplicación e desenvolvemento, poderá constituírse unha comisión paritaria mixta, con carácter asesor e consultivo, integrada por representantes da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo e da empresa-entidade asinante. De se-lo caso, esta comisión será convocada pola Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo-Proxecto Compas.

DECIMO CUARTA.- Ó presente acordo-contrato xuntarase os seguintes documentos no momento de inicio das prácticas:

1. Relación de alumnos/as que realizarán as prácticas
2. Ficha de prácticas do alumno/a
3. Copia póliza de seguro de accidentes dos/das alumnos/as, e si procede da póliza de responsabilidade civil para facer fronte ós riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da realización das prácticas non laborais.
4. Relación da persoa ou persoas titor ou titores (no suposto de ser máis dunha persoa e non figurar os seus nomes no anexo 2).
5. Calquera outro documento que as partes consideren necesario.

E en proba de conformidade de canto antecede, asínase o presente protocolo de colaboración en **exemplar cuadruplicado** no lugar e data indicados ó comezo.

**POLA MANCOMUNIDADE DA
AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO**
PROXECTO COMPAS
A Presidenta da MAIV

POLA EMPRESA-ENTIDADE

Asdo.: **Don/a**

Asdo.: **Don/a**

● A continuación:

- Anexo I: Relación de alumnos/as.
- Anexo II: Ficha de prácticas do alumno/a.
- Anexo III: Copia da Póliza do seguro de accidentes.

ANEXO I : RELACIÓN DE ALUMNOS/AS QUE REALIZARÁN AS PRÁCTICAS.

Empresa:
 Dirección:
 Departamento para a realización das prácticas:
 Titor/a das prácticas:
 Período das prácticas:
 HORARIO A REALIZAR NAS PRÁCTICAS:

NOME E APELIDOS	DNI

DON / DONA....., USUARIO/A DO PROXECTO COMPÁS, ACEPTO A PROPOSTA PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS DESCRITAS ANTERIORMENTE E COÑEZO/ACEPTO AS CONDICIÓN DO ACORDO-CONTRATO ASINADO POLO PROXECTO COMPÁS E A EMPRESA-ENTIDADE CITADA ANTERIORMENTE PARA A REALIZACIÓN DESTAS PRÁCTICAS NON LABORAIS.

Asinado Don/Dona

Usuario/a Proxecto Compás

ANEXO II : FICHA DE PRÁCTICAS DO ALUMNO/A

Empresa:
 Dirección:
 Departamento para a realización das prácticas:
 Titor/a das prácticas:
 Período das prácticas:
 HORARIO A REALIZAR NAS PRÁCTICAS:

TIPO DE PRÁCTICAS REALIZADAS POLO/A ALUMNO/A

Descrición das prácticas realizadas:

--

Conforme coas prácticas realizadas, rematadas o día____, de_____, o representante legal da empresa,

Asdo.: A EMPRESA

ANEXO III: COPIA DA PÓLIZA DO SEGURO DE ACCIDENTES

VII- MODELO CONVENIO CURSOS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO ACORDOS FORMATIVOS

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO DENTRO DO MARCO DO PROXECTO COMPAS E A **EMPRESA ...** PARA O DESENVOLVEMENTO DO **CURSO....**

Vigo, ..., de... de 20.....

REUNIDOS

Por unha banda, **D./Dona**, en calidade de Concelleiro-Delegado para o proxecto Compas da **Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo**, con e domicilio na rúa Hispanidade número 17 da cidade de Vigo.

Por outra, **D./Dona.....** con DNI número.., en nome da **empresa-entidade...** con CIF número... e domicilio na rúa... de...

DECLARAN

PRIMEIRO: Que o día 15 de novembro de 2001 se aproba a ACCION 1 do Proxecto Equal Compas da Area Metropolitana de Vigo, proxecto presentado e executado pola “Agrupación de Desarrollo del Area Metropolitana de Vigo”, agrupación de desenvolvemento con número de identificación ES 79. Actualmente está a desenvolverse a ACCION 2 do Proxecto Compas, na que se inclúen accións de aprendizaxe para o desenvolvemento e a mellora profesional .

SEGUNDO: Que segundo o proxecto aprobado e as súas medidas, os/as usuarios/as do Proxecto Compás poderán ser direccionados/as polo/a orientador/a a desenvolver actividades formativas co fin de mellorar o seu grado de empregabilidade, de xeito que completen un itinerario personalizado que facilite a súa incorporación efectiva ó mercado de traballo na Area da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo.

TERCEIRO: Que o obxecto do presente acordo é facilitarlles ós/as usuarios/as do Proxecto Compás, dependente da “Agrupación de Desarrollo del Area Metropolitana de Vigo” e financiado polo Fondo Social Europeo dentro da iniciativa Equal, o desenvolvemento de accións formativas eminentemente prácticas, moi adaptadas tanto ás características dos/das beneficiarios/as como ás necesidades das empresas e a que os/as usuarios/as do Proxecto Compas participen dunha aprendizaxe activa desenvolvida dentro dun ámbito productivo real, conseguindo deste xeito unha mellor preparación para o emprego ó ter contacto con ambientes reais de traballo.

CUARTO: [empresa] é sensible ós obxectivos do Proxecto Compás, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa coa impartición dunha acción formativa con compromiso de contratación.

Dado o interese de ambas partes por reforzar a formación e a experiencia profesional dos/as usuarios/as do proxecto Compás en todos aqueles campos e ámbitos que melloren a súa empregabilidade e recoñecendo reciprocamente capacidade e lexitimación para a negociación e sinatura do presente documento

ACORDAN

Subscribir o presente acordo-contrato de colaboración de acordo coas seguintes

BASES**PRIMEIRA: Obxecto do acordo**

O presente acordo ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha **duración de... horas** lectivas, incluídas as prácticas, a razón dehoras diarias, coa finalidade de formar a... **persoas** como..., e co compromiso de contratación, por parte de **[empresa-entidade]**, dun mínimo do% dos/as alumnas/os que rematen satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de **3 meses e a formalización dos contratos de traballo realizarase dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa**. O temario do curso así como o orzamento completo e detallado inclúese como **ANEXO I** neste acordo.

SEGUNDA: Compromiso da empresa...

A empresa..... organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar o curso obxecto do acordo, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarias para o seu correcto desenvolvemento. Todos estes conceptos aparecen no orzamento detallado que se inclúe neste acordo como **ANEXO I**. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do% dos/as alumnos/as usuarios/as do Proxecto Compas que rematen satisfactoriamente esta acción formativa.

TERCEIRA: Compromiso da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.

A Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, afrontará os gastos polo importe total estipulado e detallado polos correspondentes conceptos no **ANEXO I**. Así mesmo, realizará a selección dos/as candidatos/as a través do equipo técnico do Proxecto Compas, en colaboración coa empresa. A relación dos/as candidatos/as usuarios/as seleccionados para participar na acción formativa inclúese neste acordo como **ANEXO II**.

A Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo controlará o desenvolvemento do curso e recabará toda a documentación e información relativa a éste que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA: Seguimento do Acordo.

Para o seguimento do acordo, así como para a determinación dos criterios non previstos no seu funcionamento, nomearase unha comisión de seguimento, composta por un/unha representante de cada parte asinante. A comisión de seguimento será presidida por un representante da Mancomunidade e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo na Comisión de seguimento será nomeado/a polo presidente da Mancomunidade ou no seu caso Concelleiro/a Delegado/a a proposta da directora do Proxecto Compas.

QUINTA: Incumprimento do acordo.

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste acordo, previa proposta da Comisión de seguimento. Como norma última, será a Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo a que teña capacidade de decisión definitiva no referido ó presente acordo ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA: Vixencia do acordo.

O presente acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do seu obxecto, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

As datas previstas para a realización da acción formativa por parte de **[...empresa/entidade]** son desde o **[... ó ...]** de (ambos inclusive).

SÉTIMA: Relación contractual

A sinatura do presente acordo non suporá relación contractual ningunha con esta Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo-Proxecto Compas, por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento da acción formativa.

OITAVA: Forma de Pagamento.

A Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, dentro do marco e orzamentos asignados para o Proxecto Compas, afrontará os gastos por un importe total **[... €] tal e como figura no orzamento detallado como ANEXO I a este acordo.**

No referido ó pagamento da cantidade acordada como presuposto (ANEXO I) das actividades formativas, motivo do presente acordo, a Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo-Proxecto Compas poderá pagar inicialmente o equivalente ó 40% do total ó inicio do programa, coa finalidade de facer fronte ós gastos xerados polo comezo da actividade formativa.

Será tramitado unha vez que acredite o responsable administrativo-financieiro do Proxecto Compas que tal actividade se ten iniciado efectivamente.

O resto do importe da cantidade presupostada no ANEXO I pagarase en dous prazos. O segundo pago, que se corresponderá cun 30% do total presupuestado, será tramitado unha vez que o responsable administrativo do Proxecto Compas acredite que se ten executado polo menos nun 50% a actividade formativa para a que se asina o presente acordo.

O terceiro e derradeiro pago por importe do 30% restante pagarase unha vez que sexa certificada polo responsable administrativo a finalización da acción formativa e a formalización dos correspondentes contratos de traballo derivados da realización desta acción.

E en proba de conformidade de canto antecede, asínase o presente acordo de colaboración en exemplar cuadruplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados ó comezo.

**POLA MANCOMUNIDADE DA
ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO
PROXECTO COMPÁS**

POLA EMPRESA - ENTIDADE

Asdo.: D. _____

Asdo.: D. _____

